

Decreto 21/2024, do 1 de febreiro, polo que se modifica o Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.

Última versión

I

O artigo 27 do Estatuto de autonomía de Galicia, no seu número 23, atribúelle á Comunidade Autónoma de Galicia, con carácter exclusivo, a competencia en materia de asistencia social.

Con base na referida atribución competencial, aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, na cal se configura e se define o Sistema galego de servizos sociais.

No título VIII da dita lei regúlanse os mecanismos de control e garantía pública do Sistema galego de servizos sociais, e no seu artigo 59, refírese á competencia da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para levar a cabo o rexistro, autorización, acreditación, inspección e, se é o caso, a sanción das entidades que desenvolvan servizos sociais no territorio da Comunidade Autónoma e daqueles centros e programas de que sexan titulares ou xestoras.

En desenvolvemento da dita lei, o Consello da Xunta de Galicia aprobou o Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.

II

O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, no seu artigo 7, referido aos requisitos xerais dos centros e programas de servizos sociais, no número 1, letra c), establece a obriga para todos estes centros e programas de servizos sociais de contar cun rexistro de altas e baixas de persoas usuarias e cun expediente individual de cada unha delas, coa documentación mínima necesaria que determine a normativa específica que lle resulte de aplicación.

A dita disposición non recolle os requisitos formais que se deben seguir para dar cumprimento á dita obriga. A única referencia vén recollida no Protocolo da inspección de servizos sociais sobre os centros de maiores, discapacidade e dependencia da Comunidade Autónoma de Galicia, que, na súa versión 0.2, dentro do control de legalidade, sobre a actuación inspectora nos centros de maiores e de persoas con discapacidade, número 5.B, indica, entre os aspectos que se deben constatar na inspección «a existencia dun libro de rexistro de persoas usuarias, en soporte físico ou dixital, permanentemente actualizado, e que disporá da información mínima obrigada referida aos datos identificativos dos/das usuarios/as, data de nacemento, as datas de alta e de baixa e os motivos desta».



Na práctica anótanse os datos referidos ás persoas usuarias en rexistros físicos ou dixitais que se custodian nos respectivos centros e que poden ser verificados polas unidades de inspección de servizos sociais nas visitas presenciais ou, sen necesidade destas, mediante requirimentos formais da información. Estas vías de comprobación, ben que resultan eficaces, na maioría das situacións presentan o inconveniente de non ofrecer unha resposta inmediata para as actuacións de control, principalmente nas situacións de urxencia ou excepcionalidade. Esta circunstancia fíxose evidente durante a pandemia da COVID-19, cando era necesario coñecer e rexistrar diariamente as infeccións das persoas que efectivamente residían nestes centros, principalmente os destinados a persoas maiores e persoas con discapacidade.

O sistema de comunicacións electrónicas e telefónicas con que se iniciou o control da incidencia da COVID-19 en marzo de 2020 demostrou axiña a necesidade de contar cun procedemento que puidese manter a información continuamente actualizada durante un período de tempo relativamente curto sen grandes dificultades. Así, foi necesario crear un sistema de información electrónico en que os centros residenciais de persoas maiores e de persoas con discapacidade rexistrasen a situación sanitaria, en relación co citado virus, de cada persoa usuaria do respectivo centro coa incidencia nas súas altas e baixas. A través desta aplicación informática identificáronse as persoas residentes, as datas de alta e baixa e a causa desta última. A aplicación, denominada CENRES, configurouse como un rexistro de persoas usuarias que duplicaba o existente en cada centro, e a súa existencia e o tratamento de datos estaban lexitimados en virtude da situación de emerxencia sanitaria.

A experiencia do CENRES puxo de manifesto as vantaxes de contar cun sistema de información electrónico áxil e á disposición da Administración competente, que permite o control continuo e permanente da ocupación dos centros residenciais. Ademais de facilitar o labor inspector no control da ocupación de prazas residenciais, permite, en función das circunstancias existentes, dar unha resposta inmediata a circunstancias excepcionais e mesmo en situacións derivadas da propia actuación de control da Administración. Esta capacidade de reacción que brinda dispor dun sistema de información electrónico con estas características constitúe unha medida de seguridade e garantía para as persoas usuarias ao facilitar a supervisión e avaliación da calidade na prestación dos servizos sociais en Galicia establecendo un mecanismo de control obxectivo e continuo destes.

Así mesmo, un rexistro electrónico de residentes actualizado resulta un instrumento esencial para a coordinación sociosanitaria. O sistema de información supón unha maior garantía na veracidade da identidade das persoas residentes, que facilita o intercambio de información entre os ámbitos social e sanitario cumprindo as condicións de confidencialidade exixibles nestes casos.

Cómpre precisar que o cumprimento da obrigatoriedade do rexistro de altas e baixas por parte das entidades prestadoras de servizos sociais a través dun sistema de información da Administración procederá só en relación cos centros residenciais de persoas maiores e persoas con discapacidade. O motivo deste ámbito subxectivo de aplicación preceptiva a través do dito sistema garda relación coa especial situación de vulnerabilidade destas persoas ao non poderen prescindir do servizo ou, na maioría de casos, nin tan sequera a interrupción puntual deste. A especial protección que demandan as persoas que reciben os servizos de atención residencial require que a súa supervisión e inspección se realice partindo dunha información no Rexistro de residentes que, con carácter preceptivo, leven as entidades prestadoras destes servizos, de tal



xeito que a dita información se encontre permanentemente actualizada e á disposición da Administración autonómica competente na materia. Ao respecto, é importante recordar a obriga de relacionarse por medios electrónicos ao abeiro do disposto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e no artigo 10 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.

No que atinxe ao contido da información que se debe recoller, os datos refírense aos mínimos necesarios para a identificación das persoas usuarias, como o seu nome, apelidos e o número do documento nacional de identidade ou documento identificativo similar, de ser o caso, e os necesarios para levar un control do momento en que se inicia a prestación do servizo e o seu remate, así como as causas deste último, dato imprescindible para o control dos traslados entre centros, todo iso baixo o cumprimento do Regulamento (UE) nº 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e da libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

De conformidade co anteriormente exposto, este regulamento ten por finalidade a modificación do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, para concretar a forma en que deben proceder os centros residenciais de persoas maiores e con discapacidade no rexistro das persoas usuarias, engadindo un novo número ao artigo 7. Así mesmo, dásele unha nova redacción ao número 1.c) do dito artigo coa revisión da referencia expresa á Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos persoais, norma derogada pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro. A nova referencia á normativa en materia de protección de datos persoais resulta máis xenérica e axeitada á técnica normativa, pois abrangue tanto a citada lei orgánica, coa redacción vixente en cada momento, como a normativa europea de aplicación, de conformidade co Regulamento (UE) nº 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016.

Finalmente, habílitase unha maior flexibilidade no procedemento de modificación dos dous anexos que acompañan o decreto para facilitar a súa actualización á normativa vixente ao longo do tempo, engadindo así unha disposición derradeira primeira, e pasando a única disposición actual desta natureza a enumerarse como segunda. O mandato posibilitará a actualización dos anexos I e II de solicitudes normalizadas, para o que será suficiente coa súa publicación na sede electrónica da Xunta de Galicia, logo de aprobación da consellería competente en materia de servizos sociais.

III

Para os efectos de promover este cambio normativo, iníciase o procedemento de elaboración desta disposición administrativa de carácter xeral seguindo o procedemento que se recolle no capítulo II do título II da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, sometida ao trámite de audiencia e á emisión dos informes preceptivos.

Nesta liña, foi sometido a información pública e recolléronse as alegacións e suxestións formuladas por colectivos e entidades destinatarias da norma, relacionadas cos requisitos tecnolóxicos para a súa aplicación e as garantías do cumprimento da normativa en materia de protección de datos persoais.



De acordo co que establece o artigo 129.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, esta modificación axústase ao cumprimento dos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

Na súa virtude, por proposta da conselleira de Política Social e Xuventude, de acordo co Consello Consultivo, logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día un de febreiro de dous mil vinte e catro,

DISPOÑO:

Artigo único. Modificación do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia

O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, queda redactado como segue:

Un. Modifícase o artigo 7, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 7. Requisitos xerais dos centros e programas de servizos sociais

1. Todos os centros e programas de servizos sociais, de conformidade coa normativa que os regula, deben:

a) Estar correctamente identificados e sinalizados no exterior das súas instalacións, agás que a natureza e a finalidade do servizo o desaconselle. Así mesmo, debe sinalizarse o interior das instalacións para facilitar o acceso, a orientación e a información sobre a localización dos servizos para todas as persoas.

b) Dispor dunhas normas de funcionamento, visadas polo órgano competente en materia de autorización e inspección de servizos sociais da Xunta de Galicia, que garantan o respecto aos dereitos das persoas usuarias e establezan as condicións de prestación e desenvolvemento dos servizos.

c) Contar cun Rexistro de altas e baixas de persoas usuarias e cun expediente individual de cada unha delas, coa documentación mínima necesaria que determine a normativa específica que lle resulte de aplicación. En todo caso, a entidade deberá garantir o cumprimento da normativa en materia de protección de datos persoais.

d) Dispor da póliza de seguros de danos, necesarias, para garantir a reparación dos sinistros do edificio, así como de póliza de seguro de responsabilidade civil que garanta a cobertura das indemnizacións ás persoas usuarias e/ou a terceiros polos danos e perdas causados como consecuencia dos sinistros do edificio e/ou do desenvolvemento dos servizos.

e) Expor nun lugar visible ao público a documentación que acredite as autorizacións e licenzas concedidas, as normas de funcionamento previamente visadas pola Administración e o cartel informativo sobre a existencia dun libro de reclamacións á disposición das persoas usuarias. Ademais, exporase a información básica referida aos servizos prestados, ao horario e aos



períodos de funcionamento do servizo, así como, cando a natureza do servizo non o desaconselle, aos prezos ou ás tarifas exixibles pola prestación dos servizos, onde consten claramente as contías totais das prestacións básicas e dos servizos optativos ou susceptibles de cobramento á parte.

f) Contar co equipamento mobiliario, as axudas técnicas, o material e o persoal necesario para o desenvolvemento adecuado dos servizos, segundo as características e as necesidades das persoas destinatarias.

g) Dispor de conexión telefónica co exterior e dun enderezo de correo electrónico.

h) Contar cunha persoa que asuma a dirección ou coordine o programa ou servizo.

2. Ademais dos requisitos xerais establecidos no número anterior, as entidades titulares e as xestoras de servizos, centros e programas deberán adecuarse aos requisitos específicos que, de acordo coa súa tipoloxía e persoas ás cales se dirixan, se establezan na normativa que lles resulte de aplicación, así como dispor no centro ou nas instalacións en que se desenvolve o programa de toda aquela documentación acreditativa do cumprimento destes.

3. O rexistro de persoas usuarias a que se refire a letra c) do número 1, no caso dos centros residenciais de persoas maiores e de persoas con discapacidade, realizarase en soporte dixital mediante o sistema facilitado pola Administración autonómica.

A información que, como mínimo, deberá conter o Rexistro será a correspondente á identificación das persoas usuarias co seu nome e apelidos, o número do documento nacional de identidade, o número de identificación de persoa estranxeira, o número do pasaporte ou documento identificativo similar, de ser o caso, as datas de alta e baixa no centro, así como a causa desta última.

Os centros e programas de servizos sociais que non teñan a obriga de empregar o soporte dixital a que se refire este número poderán empregalo de forma voluntaria sempre que este se adapte ás súas necesidades de rexistro.”

Dous. Engádese unha disposición derradeira primeira co seguinte teor:

«Disposición derradeira primeira. Modificación dos anexos normalizados

De conformidade coa disposición adicional sexta da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, os modelos normalizados (anexo I e II) aplicables na tramitación dos procedementos regulados nesta disposición poderán ser actualizados co fin de mantelos adaptados á normativa vixente, sen que as ditas modificacións supoñan unha alteración da regulación contida no texto do decreto. Para estes efectos, será suficiente a publicación dos modelos actualizados na sede electrónica da Xunta de Galicia, onde estarán permanentemente accesibles para todas as persoas interesadas, sen que sexa necesaria unha nova publicación no Diario Oficial de Galicia».

Tres. A disposición derradeira única, referida á vixencia, pasa a enumerarse como disposición derradeira segunda.



Disposición derradeira única. Entrada en vigor

Este decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, un de febreiro de dous mil vinte e catro
Alfonso Rueda Valenzuela
Presidente

Fabiola García Martínez

Conselleira de Política Social e Xuventude

